

Mensaxe de Nadal da Súa Maxestade o Rei

Palacio da Zarzuela. Madrid, 24 de decembro de 2014

Boas noites.

Quero, en primeiro lugar, darvos as grazas por abrireme as vosas casas nesta Noiteboa. Un momento que é, sobre todo, de proximidade e de reencontro; un momento para aproximarnos, para mirarnos coa vontade e o desexo de entendernos, para transmitir ás persoas que nos rodean os nosos mellores sentimentos de afecto, de paz e de alegría.

Hoxe quero estar ao voso carón para compartir -na primeira mensaxe de Nadal que vos dirixo-, unhas reflexións sobre o noso futuro, coa mirada e a confianza postas no ano 2015.

Estamos a vivir tempos complexos e difíciles para moitos cidadáns e para España en xeral. A dureza e duración da crise económica produce en moitas familias incerteza polo seu futuro; a importancia dalgúns dos nosos problemas políticos xera inquietude; e as condutas que se afastan do comportamento que cabe esperar dun servidor público, provocan, con toda razón, indignación e desencanto.

Os problemas que mencionei deron lugar a unha seria preocupación social. Non obstante, non debemos deixarnos vencer polo pesimismo, o malestar social, ou polo desánimo; senón afrontar con firmeza e eficacia as causas deses problemas, resolvelos e recuperar o sosego e a serenidade que require e merece unha sociedade democrática como a nosa.

O pasado mes de outubro afirmei en Asturias que necesitabamos referencias morais ás que admirar, principios éticos que recoñecer, valores cívicos que preservar. Decía, daquela, que necesitabamos un grande impulso moral colectivo. E quero engadir agora que necesitamos unha profunda rexeneración da nosa vida colectiva. E nesa tarefa, a loita contra a corrupción é un obxectivo irrenunciabile.

É certo que os responsables desas condutas irregulares están a responder delas; iso é unha proba do funcionamento do noso Estado de Dereito. Como é verdade tamén que a gran maioría de servidores públicos desempeñan as súas tarefas con honradez e vontade de servir aos intereses xerais.

Pero é necesario -tamén e sobre todo- evitar que esas condutas boten raíces na nosa sociedade e se poidan reproducir no futuro. Os cidadáns necesitan estar seguros de que o diñeiro público se administra para os fins legalmente previstos; que non existen tratos de favor por ocupar unha responsabilidade pública; que desempeñar un cargo público non sexa un medio para aproveitarse ou enriquecerse; que non se luxe o noso prestixio e boa imaxe no mundo.

Poucos temas como este suscitan unha opinión tan unánime. Debemos cortar de raíz e sen contemplacións a corrupción. A honestidade dos servidores públicos é un alicerce básico da nosa convivencia nunha España que todos queremos sa, limpa.

Tamén quero falarvos da situación económica, porque continúa sendo un motivo de grave preocupación para todos. Os índices de desemprego son aínda inaceptables e frustran as expectativas dos nosos mozos e de moitos máis homes e mulleres que levan tempo no paro. É certo que as nosas empresas son punteiras en moitos sectores en todo o mundo; pero tamén o é que a nosa economía non foi capaz, aínda, de resolver de xeito definitivo este desequilibrio fundamental.

Non obstante, é un feito -e moi positivo- que as principais magnitudes macroeconómicas están a mellorar e que recuperamos o crecemento económico e a creación de emprego. Estes datos son unha base nova para a esperanza de que, no futuro, poidan xerarse de forma sostible moitos máis empregos e, especialmente, empregos de calidade.

É evidente, polo tanto, que a loita contra o paro debe continuar sendo a nosa gran prioridade. O sacrificio e o esforzo dos cidadáns durante toda a crise económica esixe que os axentes políticos, económicos e sociais traballen unidos permanentemente nesta dirección, antepoñendo só o interese da cidadanía. Porque a economía debe estar sempre ao servizo das persoas.

Por iso, debemos protexer especialmente as persoas máis desfavorecidas e vulnerables. E para iso debemos seguir garantindo o noso Estado de Benestar, que foi durante estes anos de crise o soporte da nosa cohesión social, xunto ás familias e ás asociacións e movementos solidarios. Algo do que debemos realmente sentirnos orgullosos.

Quero referirme agora tamén á situación que se vive actualmente en Cataluña.

O pobo español, no exercicio da súa soberanía nacional, ratificou mediante referendo a Constitución de 1978, que proclamou a nosa unidade histórica e política e recoñeceu o dereito de todos a sentirse e ser respectados na súa propia personalidade, na súa cultura, tradicións, linguas e institucións.

Baixo ese espírito constitucional, convivimos estes anos. Cada Comunidade, cada pobo e territorio de España, cada cidadán, achegaron o mellor de si mesmos en beneficio de todos. E sen dúbida, dende Cataluña, contribuíuse á estabilidade política de toda España e ao seu progreso económico.

É evidente que todos nos necesitamos. Formamos parte dun tronco común do que somos complementarios os uns dos outros pero imprescindibles para o progreso de cada un en particular e o de todos en conxunto.

Pero non se trata só de economía ou de intereses senón tamén e sobre todo, de sentimentos.

Millóns de españois levan, levamos, a Cataluña no corazón. Como tamén para millóns de cataláns os demais españois forman parte do seu propio ser. Por iso dóeme e preocúpame que se poidan producir fracturas emocionais, desafectos ou rexeitamentos entre familias, amigos ou cidadáns. Ninguén na España de hoxe é adversario de ninguén.

E o que fai de España unha nación cunha fortaleza única, é a suma das nosas diferenzas que debemos comprender e respectar e que sempre nos deben achegar e nunca distanciar. Porque todo o que alcanzamos xuntos nace da forza da unión. E a forza desa unidade é a que nos permitirá chegar máis lonxe e mellor nun mundo que non acepta nin a debilidade nin a división das sociedades, e que camiña cara a unha maior integración.

Os desencontros non se resoven con rupturas emocionais ou sentimentais. Fagamos todos un esforzo leal e sincero, e reencontrémonos no que nunca deberíamos perder: os afectos mutuos e os sentimentos que compartimos. Respectemos a Constitución que é a garantía dunha convivencia democrática, ordenada, en paz e liberdade. E sigamos construíndo todos xuntos un proxecto que respecte a nosa pluralidade e xere ilusión e confianza no futuro.

Porque necesitamos, tamén ilusión e confianza.

O mes de xuño pasado, España deuse a si mesma e ao mundo un exemplo de seriedade e dignidade no desenvolvemento do proceso de abdicación de meu pai o Rei Juan Carlos e da miña proclamación como Rei; todo iso de acordo coa nosa Constitución. E ao longo destes últimos meses rodeástesme do voso respecto, afecto e agarimo. Sinceramente, sentínme querido e apreciado e agradézovolo de corazón. E teño que dicirvos tamén que vin ilusión en moitos de vós, nas vosas olladas e palabras, ante o inicio dunha nova época na nosa historia.

É certo que vivimos tempos complexos e difíciles. Sen dúbida. Pero son tamén tempos que debemos afrontar con responsabilidade, ilusión e espírito renovador. Tempos novos que se proxectan en todos os ámbitos da nosa vida colectiva e individual. E agora correspóndenos aos españois de hoxe continuar a tarefa de sementar para o noso mellor futuro; que comeza xa, que comezou xa.

Afortunadamente, non partimos de cero, nin moito menos, e, por iso, non debemos esquecer o que conseguimos xuntos con grandes esforzos e sacrificios, xeración tras xeración; que é moito e o debemos valorar con orgullo.

Aínda que tamén teñamos a responsabilidade de corrixir os erros e mellorar e facer medrar os activos da España de hoxe, coa ollada posta nun futuro que nos pertence a todos os españois.

Somos unha democracia consolidada. Gozamos dunha estabilidade política como nunca antes na nosa historia. O noso marco constitucional permitiunos a alternancia política baseada nunhas eleccións libres e democráticas. Somos, ademais, unha nación respectada e apreciada no mundo e cunha profunda vocación universal, imprescindible para promover a nosa cultura e defender os nosos intereses nun mundo global. Hoxe, máis que nunca, somos parte fundamental dun proxecto europeo que nos fai máis fortes, máis competitivos e máis protagonistas dun futuro de integración.

Como dixen no meu discurso de proclamación, todo tempo político ten os seus propios retos. Debemos seguir avanzando na nosa convivencia política, paso a paso, adaptándoa ás necesidades do noso tempo. Poñer ao día e actualizar o funcionamento da nosa sociedade democrática e conseguir que os cidadáns recuperen a súa confianza nas institucións. Unhas institucións con vigor e vitalidade, que poidan sentir como súas.

Non quero rematar as miñas palabras sen transmitirvos unha mensaxe de esperanza.

Rexenerar a nosa vida política, recuperar a confianza dos cidadáns nas súas institucións, garantir o noso Estado do Benestar e preservar a nosa unidade dende a pluralidade son os nosos grandes retos. Non son tarefas sinxelas. Non son retos doados. Pero ímolos superar, sen dúbida; estou convencido diso. Temos capacidade e coraxe de sobra. Temos tamén o desexo e a vontade. E habemos de sumar, ademais, confianza e seguridade en nós mesmos.

Esa é a clave da nosa esperanza no futuro. A clave para recuperar o orgullo da nosa conciencia nacional: a dunha España moderna, de profundas conviccións democráticas, diversa, aberta ao mundo, solidaria, potente, con pulo. Con ese mesmo pulo e co exemplo co que vós afrontades o voso día a día loitando ante as adversidades intentando progresar, procurando mellorar honestamente a vosa vida e a das vosas familias. E aí estarei sempre ao voso carón como o primeiro servidor dos españois.

Grazas novamente por escoitarme esta noite e moitos parabéns en nome da Raíña, da Princesa de Asturias e da Infanta Sofía.

Feliz Navidad, Eguberri on, Bon Nadal, Boas Festas.